

MARÍA, A TRABALLADORA DA CONSERVA

(a realidade do conflito de Charpo)

Calquera parecido coa realidade é pura realidade.

Asamblea de Mulleres de Arousa.

Fáiseme raro vivir así deste xeito, o día paréceme máis fermoso e máis longo agora que non me teño que erguer ás seis da mañá, facer rápido as cousas da casa, deixa-la comida feita para cando o meu fillo chegue do colexio, e ir correndo ás nove a fábrica ata sabe Dus qué hora, porque sabemos cando entramos pero non cando saímos, se hai que facer horas extras, alí nos teñen ata que faga falta, non lles importa a nosa vida fóra da fábrica, é como se non tiveramos dereito a ela e só fomos mans que abren a cuncha ou o peixe. Só lles importa ter mans alí traballando, sexan as que sexan, e mira ti que non son moi diferentes nunhas das outras e sen embargo hainas que cobran moito máis cás outras, non sei moi ben porqué, é verdade que algunhas son moi xoveciñas, da idade do meu fillo, e ata torpes porque acaban de comezar, pero iso non quita que, se teñen idade para traballar, teñen idade para cobrar. Claro que as mais delas non resisten este ritmo de traballo e non duran moito, se non lles apura demasiado a necesidade, déixano aos poucos días. Non me extraña, a verdade é que as poñen nos peores postos: a recoller marisco, ir ás cetáceas, descargar camións, estar dentro das cámaras. Ás de máis idade déixannos nas mesas, saben que somos máis fráxiles. E nós non dicimos nada, cada unha pensa que ten que coidar da súa saúde, xa que se temos que ir ao médico, son días que perdemos de traballar e que non cobramos, ademais o médico é moi caro. Pero danme pena, é como se estivera vendo ao meu fillo, xa lle dixen ou que ten que estudar e que o día que entre nunha fábrica sexa para sentar na oficina e traballar con números e papeis, que é máis cómodo e respétano máis, que esa é outra. A nós non nos respetan, pórtanse mal con nós, insultannos, mírannos distantes e trátannos como se non fomos persoas. Non miran se nos fan mal co que din ou fan. Co elevador, por exemplo, cando van pasar, tes que apartarte ti, porque



Traballadoras durmindo na porta da fábrica antes de sere apaleadas (20.9.90)

eles non se preocupan, parece que van conducindo coches eléctricos deses das feiras. Co Guillermo, o xerente, tes que ter coidado porque lle vai o de apalpar. As Charlinas, que son as que máis están con nós (os Charlines veñen pouco pola fábrica) insultannos e berrannos para dicirnos o que temos que facer. Claro que o meu fillo, como é un home, xa non sería o mesmo. Os homes da fábrica reciben outro trato moi diferente ao noso, moito mellor, aínda que en realidade, homes na fábrica non fan moita falta. Si un mecánico ou un catraballo e non cobramos máis por iso. E están mellor pagados ca nós e ata teñen seguridade social, por iso queeren ben á empresa. Claro que algunha xente do pobo di que o que fan eses homes é outra cousa, que na fábrica terán pouco traballo pero logo fóra teñen outro traballo extra. Pero dino polo baixo, non se atreven a falalo. O que é na fábrica fan moito menos ca nós, e xa os poden ver falando ou arriñados á parede sen facer nada, que non lles din nada nin lles poñen mala cara, e tamén poden saír, cando lles

peta, a tomar unha cervexa, e nós só podemos saír de recadeiras, cando nos mandan a selarlles unha quinie-la, a por tabaco ou a facerlles a compra para a súa casa. Porque os Charlins aproveitánnos non só para traballar na fábrica, mandánnos vendimarlles cando chegaba a época, recollerlles as patacas, ir a súa casa a facerle-la comida, a lavarlle-lo coche, a limparlle-lo xardín a sacarlle o esterco ao cabalo, o peor foi cando mandaron a Pepa a limparlle o cu ao can.

O meu fillo Uxío, non entende cando lle digo que eles cobran moito máis ca nós cando nós facemos máis traballos. Dime que non pode ser, que teríamos que cobrar máis ca eles. Con-teille como o pasei durante o seu embarazo, indo ao médico coa cartilla do seu avó, que como a fábrica pechou uns meses, veume ben a min, porque así non tiven que traballar. ¡Ai, Uxío!, ¡e que san e guapo me saíches!. Pois durante os meses de preñe, a Josefa, a encargada, mandábame sempre aos peores traballos, aos máis pesados; e mala, pero comigo ne-



Traballadoras en folga de fame, diante do Parlamento.

ses momentos era moito peor, penso que me tiña envexa porque ela non tiña fillos. E moito tempo despois, entereime de que tiña dereito á baixa da maternidade, xa que eles, moi vivos, tiñanme asegurada eses meses, pero non me dixeron nada. Como á Manoli, Tereixa e moitas máis, que tamén se enteraron de que de vez en cando tiñan seguro, uns vinte días ao ano, outras corenta días en tres anos, e todo así, como lles peta a eles.

A mín non é que me guste moito este traballo, pero é mellor que ir por aí limpar ou quedar na casa, ademais é o traballo que máis abonda por aquí, por iso moitas mulleres traballamos nel. Algunhas delas, ao comezar na fábrica, din que non o poden soportar, e que se van ir en canto atopen outro traballo. Pero iso non é fácil, hai que conseguíu entrar noutra fábrica mellor, con seguridade social para os fillos, e por se teñen algún accidente, que iso xa é moito, pero as máis delas non atopan nada e aguantan aquí, a non se-la Xoana, que marchou ao extranxeiro, pero non está moi contenta por alá. Todas necesitamos os cartos. ninguén traballa por gusto: a Iria porque o seu marido está no paro, a Chicha porque o traballo de mariñeiro non dá moitos cartos e teñen catro fillos, a Carme para os seus vicios de tabaco e copas. Un traballo como este é imposible soportalo, a non ser que teñas verdadeira necesidade.

Estas e outras cousas soportabamos nesta fábrica durante moito tempo, algunhas durante máis de quince anos, como a de Charol, ¿Lémbraste dela Uxío?, aquela que atropelaron co elevador e rompeu a perna, e a empresa nen se ocupou de levala ao médico; ou como a que recibiu unha malleira do Ducho.

Non sei como, pero todo isto empezámolo a falar entre nós. E de repente todo rebentou cando votaron a catro fóra por reclamar un sábado que se lles debía, entón outas quince plantamos o traballo ese mesmo día e aos tres días xa eramos cincuenta. ¡Que medo tiñamos!, non sabiamos que facer, nin a quen pedir axuda. Ocorríusenos o do peche no concello. a causa saíu ben e aos cinco días voltamos a traballar. E nós que pensábase que non tiñamos nin idea de nada, que eramos unhas parvas, desconfiabamos de todo, ata entre nós, pero agora todo é distinto, coñecemos mellor, defendémonos unhas a outras, e no traballo tamén estamos moito mellor, con seguridade social, soldo segundo convenio e fixas discontinuas.

Pero as malas persoas, as que che queren mal, canto mellor te vexan máis ganas lles entrea de amolarte. Así é o Guillermo, penso que non deixou de darlle voltas á cabeza ata ver por onde nos podía coller (1). Empe-

zou coas de Pontecesures e Valga, é que lles quitou o transporte que as trala e levaba, e non é que o quitara, o autobús segue vindo, pero só trae ás que non participaron na folga, as outras teñen que vir polos seus propios medios. Na fábrica, controlábanos moitísimo o tempo que estabamos no baño, e non nos deixaba ir a el a partires das doce e das seis, porque dicía que podíamos aguantar a media hora que faltaba para saír. A verdade é que en canto ao trato da xente cambiaron moitas cousas. A separación entre folguistas e non folguistas fíxose moi grande. Para nós, as folguistas, todo empeorou. As outras acusábanos ao xefe de calquera cousa, á mínima xa nos dicían: "voltade ao concello" ou "nós queremos facer horas extras tranquilas, así que deixádenos en paz". E nós aturábase-la situación porque estabamos moi unidas e sentiámonos fortes, sen os medos que tiñamos antes. Elas, en cambio, teñen medo a que perigue o seu posto de traballo, e iso que as hai que están cobrando dobre. Por un lado o paro e polo outro o traballo, e pensan que a empresa está facéndolles un favor, non ven que é ao revés, que son elas as que están facendo un favor á empresa, e entón teñen un comportamento moi diferente ao noso, de lambecés, por dicilo claro. Penso que ata se alegran de todo o que nos pasa a nós, que é moito; á Nati mandárona a frega-la parrilla e como ten alerxia á sosa chegou a ter irritacións polos brazos e mans, e en vez de quitala de alí e poñela noutro traballo, tivérona unha semana máis ata que fregou tódalas parrillas. ¡Como son!. Porque de Guillermo e dos Charlíns xa se sabe, non podemos levarnos moi ben, estamos en beiras distintas, pero entre nós, que estamos do mesmo lado, vennos ben a todas que nos axudemos un pouco, pero elas nada, calquera cousa que nós propoñamos, xa non a queren facer. Por iso, eu alégrome cando vexo que algunha delas está nunha situación apurada e buscando axuda, como a Lola que está cada vez máis amargada co Guillermo, que non para de meterlle man. Ela non sabe que facer, pero que espabile soa, que eu non penso botarlle unha man. Mira por onde, esa é unha ventaxa das folguistas: que o Guillermo xa non se arrima a nós. Que alivio para a Xela, que era coa que máis se metía, pero como un día comezamos a cantar aquela conción que lle deu tanta rabia, xa non se mete con ela. Mais a cínico non hai quen lle gañe: "No os obrigamos a facer horas extras sin hora tope, estáis en todo vuestro de-

recho de no querer hacerlas, pero la que no las haga, se va a la calle". E díxoo tan fresco, como se non nos estivera obrigando. Isto de traballar na conserva éche fodido, pois de todo o que aturas, tes que ver que moitas veces o xerente vive a empresa como se fora súa, e pórtase tan cabrón como os empresarios. Á conserva, ó noso querido traballo ¿que lle está a kpasar?, xa teño oído algunha vez que non somos as únicas que temos problemas, hai certo tempo xa pasaron cousas nalgunha outra. ¡Ai, miña nai-ciñal, espero que isto non pase a maiores, nesta zona somos moitas conserveiras.

É incrível, pero comezámola segunda folga (2) porque despediron a oito que non quixeron facer horas extras. E logo sumámonos a elas as restantes, e entre as sesenta e coa experiencia da folga anterior, comezamos a movernos. E mentres tanto, a fábrica segue a funcionar coa xente nova que buscaron porta a porta e dicindo: "es para joder a las que están en huelga". Non saben onde se meten, os cartos son importantes, pero é máis importante a dignidade. Peor para elas, son unhas insolidarias. Mentres tanto, nós voltamos a pecharnos no concello, fixemos panfletos para recoller diñeiro, fomos a Vigo á inspección de traballo, facemos todo o que se nos ocorre e o que nos propón a xente que nos axuda, que non é demasiada. ¡Qué homes máis xeitosos os das miñas compañeiras!. Portáronse moi ben sempre, sobre todo cando quedabamos a durmir fóra

da fábrica, e máis aínda nos momentos máis difíciles, como a mañá que chegaron as Charlinas armadas de matóns, esquirolos, desparafusadores, paus con punta... ¡qué malleira nos deron! Elas tamén as levaron. Tamén as levou a xente do sindicato (3). ¡Pobres!, o único que nos está a axudar. Os outros sindicatos non queren saber nada de nós, parece que teñen medo ou que están comprados. Fomos falar cos grupos parlamentarios, que con sorrisos e boas palabras non solucionan o noso problema, con Fraiga, que non nos recibiu...

¡Uxío, Uxío! Prepárate un pouco, ponte o xerxei gordo, que xa vai frío, e temos que ir ver a Loli e ás outras. Este Uxío pensa que as folgas de fame son de mentira. ¡Non vai e lles leva unhas mazás agachadas! Estas mozas son moi boas rapazas. ¡Que valentes son! Están a levar unha folga de fame. Eu, todo isto escoitárao antes pola tele, pero non sabía iso de tomar soamente auga e soro. É todo por eses cabróns, que non queren sentar a negociar ¿Que pensan?, ¿que a lei a fan eles?. O goberno debe dicirlles que non, debe obrígalos a cumprilas leis. Se só pedimos que nos readmitan a todas, e que nos traten como persoas, e non como animais. ¿É moito pedir? E sen embargo levamos pechadas aquí máis dun mes. Xa parecemos unha familia. Comemos xuntas, durmimos xuntas, vémo-la tele xuntas, falamos moito, contámonos cousas do noso pasado, do noso presente... Cousas moi íntimas. ¿Que a gusto estamos!. Hai uns días, ¡que

risal, celebrámolo cumpreanos de dúas de nós. Fixemos na casa unhas tartas de chocolate. Coas botellas de champagne tivemos que ter moito coidado ao abrilas, para que non se deran de conta as folguistas de fame que estabamos de comellada. Nesta, entereime de que á Manoli saíralle a sentenza do seu xuízo: ¡nulo radical!. A festa foi maior. ¡que ánimos para todas! Ela non ten moitas ganas de voltar á fábrica. Non se fía de que as feras se volvan mansas de súpeto, haberá represalias... Tamén falamos de todo o que tiñamos que face-los días seguintes, xa que estamos a preparar unha folga xeral en Vilanova, a primeira folga xeral na súa historia. ¡Mira que traballamos!..., tivemos que percorrer todo o pobo, as fábricas, os bares, os comercios, os colexios... Hainos que xa nada máis entrar non poñen pega algunha, e dinnos que por suposto que pechan e pecharían o tempo que fose para ir en contra dos Charlins, con outros tes que pelexar un pouco, pero tamén os hai que non son capaces de perder uns poucos cartos por axudar a alguén. E chegou o día do paro xeral. Que nervos tiñamos! xa ás seis da mañá comezamos a chegar todas nos vespinos. Saímos vixiar por se alguén se lle ocorre non pechar. Todo saíu moi ben, non tivemos ningún problema. Paseamos con pancartas polo pobo. Chovía moito, pero non nos importaba.

Non tivemos tempo para comer, tomamos bocadillos. Seguimos nervosas, non sabíamo-lo que podía suceder ás oito, á hora da manifestación. ¡Que manifestación! nunca houbo tal como esta en Vilanova, ¡canta xente! había moitas mulleres doutras conserveiras, moita xente do pobo, e outra moita que eu non coñecía. ¡Cantas pancartas! berramos canto quixemos e berramos tanto que desafogamos. Estaba todo cheo de periodistas sacando fotos, grabando co video e entrevistando á xente, ata a mín me viñeron preguntar, pensei que era moi difícil falar para a radio, pero cando arranquei a falar esquecínme dos meus medos. Non sei o que imos acadar de todo isto, pero aprendemos todas moito e a gran batalla témola gañada: XA NON TEMOS MEDO.

MARIA. Outubro do 90

- (1). E iso que un dos acordos aos que se chegou coa primeira folga foi o de que non houbera represalias.
- (2). 11 de setembro, 3 meses despois da primeira folga.
- (3). A OTTS (organización de traballadoras-es do Sainés).




Traballadoras en folga de fame, pechadas no Concello de Vilanova (10.10.90)

ANDAINA

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO

N.º 22 Decembro 1990

Precio: 200 pts.



- O conflito do Golfo Pérsico.
- A realidade das traballadoras de Charpo.
- Selección de sexo.
- Existe unha relación causal entre Pornografía e Violéncia?.